

ELAS LEMBRAN.....

ALDEA: Correxais

ENTREVISTADA: Muller, 87 anos.

1. Como viviu os anos da posguerra? Cre que homes e mulleres a viviron de igual modo?

Despois da guerra vivimos moi mal, porque non tiñamos que comer nin diñeiro para comprar nada. Non había diñeiro nin para pan e tanto homes coma mulleres iamos cavar as terras para conseguilo.

Os homes e as mulleres vivimos a posguerra case igual e nas mesmas condicións. No meu caso, eu levaba a cabo tanto os labores do fogar como as do campo.

2. Dentro da súa propia casa ou familia xogaban o mesmo papel os homes que as mulleres?

Non, os homes non facían os labores da casa. Eles ían ao monte co ganado e a gañar o xornal, pero algunhas mulleres coma min tamén ían co ganado e a gañar diñeiro traballando nas terras ou nas viñas.

3. No tema da educación, que recorda da escola, estudaban o mesmo? Xogaban as mesmas cousas? Mesturábanse os nenos e as nenas?

Si, estudabamos o mesmo e xogabamos as mesmas cousas. Sempre xogabamos a “Barca de Carvajales que llevas dentro”, pero nin os nenos nin as nenas tiñamos bonecas ou balóns como hoxe en día para xogar.

Na escola só había una clase, xa que era un colexio unitario. En Correxais chamábase “Escuela” e a nós chamábannos “Os Escolinos”.

4. Desde un punto de vista relixioso, había diferenza entre homes e mulleres?

Si, as mulleres sentábanse diante do cura mentres que os homes quedaban de pé ao fondo da igrexa. Aínda que un home e una muller estivesen casados situábanse da mesma maneira na igrexa.

5. No mundo laboral, era igual ser home que muller?

Dentro do traballo daba igual ser home ou muller. A diferenza era que os homes recibían máis diñeiro por facer o mesmo traballo que as mulleres.

A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

Por exemplo, na vendima as mulleres vendimabamos mentres que os homes levaban os cestos e por iso pagábanlles máis.

6. No traballo que exerceu vostede durante a súa vida laboral, había mulleres? Cal era o seu papel e as súas condicións laborais?

Traballei na agricultura (sacha, pica, vendima, cos animais...) e cando chegaba de traballar tamén facía os labores do fogar. Eu nunca quedaba todo o día na casa.

As miñas condicións consistían en traballar moi duro e moito por moi pouco diñeiro. No meu caso traballabamos dende a mañá ata a noite.

7. O papel da muller a medida que vostede se foi facendo maior, cre que cambiou dalgunha maneira?

Si, agora viven moito mellor que antes. Agora as mulleres poden facer cousas que antes non podían, por exemplo, antes non se podía ir ás festas e tampouco tiñamos ningún vestido que poñer para ir.

Antes as mulleres tampouco podían estudar, só o facían aquelas que viñan de familias con moitos cartos e tampouco tiñan postos importantes como agora.

8. Coñeceu algún caso de represión por cuestións ideolóxicas?

O meu pai era de esquerdas, e estivo intentando escapar, pero poucos días despois, pola noite, a miña casa apareceu rodeada de policía e levárono para o cárcere de Ourense e alí o mataron. Collérono en novembro de 1936 e o día 3 de marzo xa o mataron. Minutos antes de morrer o meu pai escribiunos una carta que dicía:

“Ahora mismo le van a dar fin a mi vida, recuérdale a tus hijos quien era su padre y que murió inocente”

Fixéronlle cavar a súa propia fosa e despois enterrárono alí xunto con outros catro veciños do pobo.

9. Como se sentían no momento da posguerra?

Tiñamos moito medo porque sempre estaba a garda civil no pobo e todo o mundo se metía nas súas casas e pechábase coa chave porque sempre viñan pegándolle á xente.

Eu só tiña 4 anos cando mataron ao meu pai. Entón quedamos sos coa miña nai e pasamos moito medo. Tampouco tiñamos cartos suficientes para comprar comida e pasabamos moita fame.

10. Que lle chama a atención na actualidade con respecto ao papel que ten a muller en relación ao que tiña cando era nena?



A POSGUERRA: A VIDA DAS NOSAS MULLERES

Agora hai moita mais liberdade, pero eu penso que antes había menos perigo que agora no tema das violacións, ou polo menos nese tempo non se sabía.

Chámame a atención que agora as mulleres poden chegar a postos de moito nivel igual que os homes e que todos podemos ser iguais. Nesa época, no meu pobo, só saíron dúas persoas cunha carreira de mestres. Os demais dedicámonos á agricultura e á gandería.

Alicia Fernández Martínez. 2º Bac A